

TEMA 13 –A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO: AS ETAPAS DO REINADO¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá explicar o reinado deste monarca como a crise permanente e definitiva do Antigo Réxime, un modelo que xa resulta inviable fronte a un liberalismo que vai sufrir avances e retrocesos até a morte do rei. En consonancia con isto, referirase ás etapas políticas do seu reinado e comentará as súas principais características: o Sexenio Absolutista (regreso de Fernando VII e restablecemento do absolutismo, abolindo a obra das Cortes de Cádiz); o Trienio Liberal (triumfo do pronunciamento liberal de 1820 e establecemento dun goberno desta ideoloxía); e a Década Ominosa (restablecemento do absolutismo logo da intervención dos “Cen Mil Fillos de San Luís”).

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- etapas políticas do reinado de Fernando VII (dificultade de instauración do liberalismo fronte á monarquía de Antigo Réxime)
- características e principais medidas de cada etapa

O reinado de Fernando VII coincide no tempo coa entrada en crise do Antigo Réxime, un sistema contra o que os franceses se rebelaran en 1789 coa Revolución Francesa, e contra o cal se propoñía, tamén en España, a súa substitución por un sistema liberal: para limitar o poder real, acabar cos privilexios e ampliar os dereitos e liberdades. Pero os liberais atoparanse coa frontal oposición do rei e os seus partidarios absolutistas, o que dará lugar a un continuo pulso ou pugna, durante o seu reinado, entre uns e outros. Neste sentido, a historia de España non é diferente á doutros países europeos que viven o mesmo conflito: un réxime que se resiste a morrer e unha sociedade que xa non se axusta aos moldes do Antigo Réxime.

O reinado de Fernando VII, “secuestrado” desde 1808 en Valençay (Francia), retómase en 1813, cando Napoleón, farto da longuíssima Guerra de Independencia e tras varias derrotas, decide retirar as súas tropas de España para usalas no seu intento de conquistar Rusia.

Así, en decembro de 1813 asina o Tratado de Valençay, no que devolve a coroa a Fernando. Este regresa a España como Fernando VII, nun reinado que se estenderá de 1814 a 1833, e que se caracterizará polo seu esforzo en anular o feito en Cádiz e restaurar o absolutismo, pero tamén pola oposición dos liberais a seguir con este sistema ou modelo propio do Antigo Réxime. Neste reinado pódense diferenciar claramente tres etapas:

1ª. SEXENIO ABSOLUTISTA (1814-20)

En marzo de 1814, Fernando VII entra en España entre o fervor popular (“¡vivan las cadenas!”), pois o pobo, analfabeto na súa maioría e influenciado pola relixión vía o liberalismo como algo alleo, que ía contra tradicións e relixión. Ademais, en Valencia, 69 deputados absolutistas entregáranlle a Fernando o “Manifesto dos Persas”, un documento no que lle pedían que restaurase o absolutismo e anulase o feito en Cádiz.

Tendo o apoio popular e tamén o militar, o 4 de maio de 1814, Fernando VII promulga un Decreto (Decreto de Valencia), no que dissolve as Cortes de Cádiz, anula a Constitución de 1812 e decreta a volta ao absolutismo. O contexto europeo acompaña este movemento. A derrota de Napoleón en 1815 dará paso á Europa da Restauración absolutista en numerosos países. Ao mesmo tempo, Fernando VII inicia unha feroz persecución contra todos os liberais.

Fernando VII restaurou as institucións do réxime señorial e a Inquisición. Persigue aos liberais que apoiaron a labor de Cádiz producíndose un forte exilio cara Francia e Inglaterra. A situación económica interna é fráxil debido á perda de poboación durante a guerra, a baixa produción agrícola e gandeira

¹ Textos de <https://somohistoriaconmiguelabreira.blogspot.com/2021/02/para-que-serven-estes-apuntes.html> @miguelabreira con modificacións e adendas miñas.

diminuíron o consumo. Os procesos de independencia das colonias americanas supuxo o aumento do gasto militar e a entrada en bancarrota da Facenda.

Socialmente, aumentaba o descontento cunha poboación campesiña que asistía á volta do pago de rendas señoriais abolidas polas Cortes de Cádiz e unha burguesía que vía interrompido o seu comercio internacional. No plano militar existía certo malestar. Por un lado, parte dos guerrilleiros da Guerra da Independencia non ven recompensada a súa participación na guerra e, polo outro, volven militares prisioneiros en Francia que non atopan lugar no exército. Fernando VII non foi quen de dar resposta a estes problemas.

Así, comezaron a ser frecuentes os pronunciamentos, é dicir, o levantamento de parte do exército “pronunciándose” a favor dun cambio de sistema, neste caso a favor de substituír o absolutismo por un sistema liberal inspirado en Cádiz. Os sectores liberais reuníranse en segredo en sociedades masónicas e organizan a volta do liberalismo. Até 1820 haberá sucesivos pronunciamentos, todos fracasados (como o Porlier na Coruña en 1815), que rematan coa execución dos pronunciados até que en 1820, por fin, un deles triunfa.

2ª. TRIENIO LIBERAL (1820-23)

O 1/1/1820, estando coas súas tropas á espera de embarcar cara a América española para combater alí as rebelións das colonias pola súa independencia, o xeneral Rafael del Riego pronúnciase en Sevilla xunto aos seus 1.600 soldados. Exixen ao Rei que xure a Constitución de 1812, elaborada durante a Guerra da Independencia. Este pronunciamento foi apoiado en Galiza onde se forma a Xunta de Goberno de Galiza en febreiro. A vitoria da Coruña foi seguida pola maioría de cidades de España. Fernando VII vese obrigado a aceptar o pronunciamento e xurar a Constitución de Cádiz: “Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional” diría, dun xeito hipócrita.

Os gobernos liberais restablecen a Constitución de Cádiz e inician certas reformas: Supresión dos señoríos xurisdiccionais, reforma eclesiástica, reforma fiscal, eliminación dos gremios, instauración da Milicia Nacional, liberdade de imprenta, entre outras. Deron pulo a novas transformacións sociais, económicas e administrativas: supresión dos conventos, exclaustración eclesiástica, desamortización dos bens da Inquisición e dos conventos suprimidos, bosquejo dunha nova división provincial, novo código penal etc.

Con todo, estas reformas non contentaron nin a nobreza e clero, que viron atacados os seus privilexios, nin a campesiñado que continuou soportando altas cargas fiscais e denegado o seu acceso á terra. Sumado a isto, apareceron enfrontamentos entre as filas liberais. Xorden dúas correntes opostas: os liberais moderados (máis conservadores) e os liberais exaltados (máis progresistas).

Esta división favoreceu os intentos absolutistas de restaurar o Antigo Réxime, encabezados por un Fernando VII que se nega a asinar leis e que, en segredo, conspira con potencias estranxeiras para a intervención do país. O rei nunca abandonou os seus postulados e ideas absolutistas.

O medo dos monarcas europeos (absolutistas) a que este liberalismo se espallase, fai que se organicen formando unha “Santa Alianza” (contra toda revolución liberal), e que envíen desde Francia un exército de cen mil soldados para restablecer a Fernando VII (“os Cen Mil Fillos de San Luís” - Luís era o rei de Francia- co Duque de Angulema á fronte). Ante o seu avance, Goberno e Cortes refúxianse en Cádiz, levando a Fernando VII con eles.

Pero véndose sitiados e sen reforzos, acceden a deixar saír a Fernando VII e renderse a cambio de que este prometa manter a Constitución de 1812; pero en canto sae, Fernando únese inmediatamente aos franceses e decreta alí mesmo a volta ao absolutismo.

3ª. “DÉCADA OMINOSA” (1823-1833)

Esta nova restauración do absolutismo acompañouse dunha feroz represión contra os liberais, con

viles execucións como a de Del Riego (arrastrado nun cesto, e colgado publicamente); a da moza Mariana Pineda (con garrote vil, por unha suposta bandeira a medio bordar); ou a do xeneral Torrijos (fusilado, por intentar un novo pronunciamento en Málaga), e tamén con peche de periódicos e universidades acusados de liberais.

Con todo, esta volta ao absolutismo será diferente da anterior. Fernando VII permite certas reformas que o achegan aos sectores máis conservadores do liberalismo e o distancian dos ultrarrealistas apoiados polo infante don Carlos. A experiencia do Trienio Liberal e as advertencias da Santa Alianza favoreceron esta tímida apertura do réxime. Entre as reformas podemos mencionar a creación dun Consello de Ministros (que se mantén na actualidade) ou a elaboración dos primeiros orzamentos do Estado. Estas reformas fraccionarán aos absolutistas que se dividirán entre reformistas e ultras.

En 1829, Fernando VII casa por cuarta vez, desta volta coa súa sobriña María Cristina de Borbón, tendo dúas fillas. Como a Lei Sálica impedía que unha muller herdara o trono, Fernando VII publica a Pragmática Sanción de 1830, coa que suprime esa lei, para que Sabela, a súa primoxénita, poida herdar a Coroa cando el morra.

Este movemento provoca que o irmán menor de Fernando, Carlos María Isidro, que até entón era o lexítimo herdeiro ao trono, reaccione contra esta medida, apoiado polos absolutistas máis ultra. Así, en 1833, cando Fernando VII morre, os carlistas comezan as chamadas Guerras Carlistas: unha guerra pola sucesión, mais tamén unha guerra civil entre dúas visións de España:

a España conservadora, dos absolutistas (carlistas) e a España aberta a transformarse, dos liberais (que ofrecerán o seu apoio a Sabela, filla de Fernando VII, a cambio de gobernar ao seu lado e implantar lentamente o liberalismo).

Sen querelo, Fernando VII abriu a porta ao liberalismo, que logrará, por fin, ir instaurándose. Coa morte de Fernando VII morría tamén o Antigo Réxime, dando paso á España liberal.